



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº /2024

En relación ó Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Negueira de Muñiz para a participación na Prevención e Defensa contra incendios forestais mediante a actuación de Brigadas de Prevención e Defensa durante o ano 2024,

E dadas as necesidades de contratación de persoal suficiente para garantir o cumprimento do reflectido no convenio antes citado,

No uso das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local,

**RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar as bases que rexeran para o proceso de selección de persoal encamiñado á contratación d un Xefe de Brigada, que se transcriben á continuación:

### **BASES PARA A SELECCIÓN DUN CAPATAZ PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (ano 2024)**

#### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a contratación dun (1) Xefe de brigada para dar cumprimento ao estipulado no Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Negueira de Muñiz para a participación na Prevención e Defensa contra incendios forestais mediante a actuación de Brigadas de Prevención e Defensa durante o ano 2024. Dita contratación se efectuará baixo a modalidade de contrato de duración determinada, regulado no artigo 15.1 do R.D. Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. A duración do contrato será de tres meses.

#### **2.- REQUISITOS XERÁIS DOS/AS ASPIRANTES**

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

Ser español ou nacional dos demais estados membros da unión Europea. Asemade, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou nacionais doutros estados membros da unión europea, sempre que non estean separados de dereito; e os seus descendentes e os do cónxuxe, menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

Non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Estar en posesión do carné de conducir B.

Acreditar o seu coñecemento da Lingua Galega (Nivel CELGA 2). De non poder acreditar esta condición, o candidato deberá realizar unha proba, de quince minutos de duración, consistente na tradución dun texto do Español ao Galego. O resultado de dita proba expresarase como “apto” ou “non apto”, quedando excluído do proceso aquel candidato que obteña a cualificación de “non apto”. (ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOGA nº 34, o 19 de febreiro de 2014).

Estar en posesión do título de enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente.

Ademais, achegarase o xustificante de pago na conta bancaria ES03 0238 8161 6606 6000 0173 da taxa de 10 €, segundo o disposto pola Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxas pola expedición de documentos administrativos, no seu epígrafe quinto punto 4º (BOP nº 187, do 17 de agosto de 2011). Os candidatos que poidan acreditar a súa condición de “desempregado” mediante a presentación da “Tarxeta de demandante de emprego” obterán unha bonificación do 50% na taxa anteriormente





citada, polo que deberán aboar soamente 5 €, todo elo consonte o reflectido na modificación da Ordenanza aprobada no Pleno Municipal celebrado o 29 de setembro de 2015 (BOP Nº 227, de 20 de decembro de 2015)

### 3.- PARTICIPACIÓN

Os interesados poderán presenta-las súas solicitudes nas oficinas municipais, no prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP Lugo, en horario de 09:00 a 14:00 h. Os candidatos deberán presentar, ademais, a seguinte documentación:

Copia compulsada da titulación requirida.

Copia compulsada permiso conducir.

Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial, declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, e declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.

Copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que se aducen

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de cinco días hábiles, aprobando a lista de persoas admitidas e excluídas — coa mención expresa dos motivos de exclusión — e concedendo un prazo de dous días hábiles para presentación de alegación por parte dos interesados. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da corporación e na web municipal ([www.concellodenegueira.es](http://www.concellodenegueira.es)). A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo salvo que así o acorde a Alcaldía.

### 4.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso-oposición, no que se valorará a experiencia profesional e a formación e coñecementos dos traballadores. A puntuación máxima será de 20 puntos, de acordo ao seguinte baremo.

**EXPERIENCIA PROFESIONAL** (Puntuación máxima 3 puntos):

Por servizos prestados en AAPP na mesma categoría á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo.

Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría á do posto ó que se opta.....0,05 por cada mes completo.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará. Non se valorarán as relacións laborais onde só se acredite a condición de peón. Deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixilancia e loita contra incendios.

**FORMACIÓN** (Puntuación máxima: 2 puntos):

**2.1.- CURSOS:** Valoraranse os coñecementos extra-académicos adquiridos en cursos monográficos.

Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos/curso

Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso

Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso. So se valorarán aqueles cursos que, tendo relación co posto de traballo ofertado, fosen impartidos ou refrendados por Administración Públicas.

**CUESTIONARIO POR ESCRITO** (Puntuación máxima 5 puntos): Valoraranse os coñecementos relacionados coa extinción de incendios, a operatividade dos vehículos e o termo municipal de Negueira de Muñiz, a través dun exame tipo test de 10 preguntas.

**CASO PRÁCTICO** (Puntuación máxima 10 puntos): Realización dun caso práctico co fin de valorar a aptitude dos candidatos para as funcións do posto de traballo a desenvolver.

### 5.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Rematado o proceso de selección, o Tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal a relación de aspirantes ao posto de traballo coa puntuación provisional acadada por cada un deles. A orde de clasificación definitiva dos aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas, e determinará a proposta de contratación do tribunal e de incorporación ó servizo.

Os aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación dos resultados acadados, para efectuar as alegacións que estimen pertinentes. Rematado este prazo e, no seu caso, resoltas as alegacións presentadas, darase traslado do resultado do proceso ao Presidente da Corporación coa proposta de selección dos candidatos que obtiveran unha mellor puntuación, sen que en ningún caso o número de candidatos propostos para a selección supere o número de prazas vacantes convocadas

### 6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador estará composto por cinco membros (Presidente, Secretario e tres vogais), todos eles con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado. Poderán formar parte de dito tribunal, persoal do Concello de Negueira de Muñiz, da Xunta de Galicia, da Excm. Deputación Provincial de Lugo ou doutros organismos públicos que cumpran a lexislación vixente para este fin. O seu nomeamento se realizará mediante Resolución de Alcaldía, a cal será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios e na web do Concello de Negueira de Muñiz.





*A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.*

*O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, sendo en todo caso necesaria a asistencia de presidente e secretario/a (ou dos que legalmente os substitúan).*

*O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.*

*Os candidatos seleccionados serán contratados en virtude de Resolución do Sr. Alcalde da Corporación.*

#### **7.- RELACIÓN DE APROBADOS, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E SINATURA DO CONTRATO**

*Rematada a cualificación, publicarase no taboleiro de anuncios da corporación a relación de aprobados por orde de puntuación, así como a proposta de nomeamento como persoal laboral temporal baixo a modalidade de contrato de obra de duración determinada, do traballador que obtivera a mellor puntuación do presente proceso selectivo, pasando os restantes traballadores que superaron dito proceso a integrar una bolsa de reserva, para os casos de baixa ou renuncia por parte dalgún dos contratados. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais para o ano 2024.*

*Os traballadores seleccionados estarán obrigados a realizar, antes da súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas, que será impartido por persoal competente na materia nos días, horas e lugares que estableza o Concello de Negueira de Muñiz. A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo, ou ben a non realización do referido curso, será causa de non contratación dos traballadores seleccionados.*

#### **8.- NORMATIVA**

*No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación. As controversias que se produzan na aplicación destes instrumentos normativos, se dirimirán na Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

#### **9.- RECURSOS**

*Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Negueira de Muñiz, no prazo dun mes, ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, no prazo de dous meses, contados ambos prazos dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios e na web municipais, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que estime procedente.*

*Negueira de Muñiz, a 14 de maio de 2024*

*José Manuel Braña Pereda, Alcalde-presidente*

Segundo.- Que se de traslado do anterior ao Libro de Decretos do Concello de Negueira de Muñiz, así como ao Pleno municipal na próxima sesión que de este se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Negueira de Muñiz, D. José Manuel Braña Pereda, en Negueira, na data da sinatura electrónica situada ao marxe, do que eu, D<sup>a</sup>. Leticia Rodríguez Díaz, Secretaria-interventora no Servizo da Excm. Deputación provincial de Lugo para a asistencia xurídica, técnica e económica aos Concellos da provincia de Lugo, comisionada por Decreto da Presidencia do Ente provincial de data 1 de decembro de 2023 para exercer as funcións de Secretaria-interventora no Concello de Negueira de Muñiz, dou fe.

O Alcalde-presidente  
José Manuel Braña Pereda

A Secretaria-interventora en comisión circunstancial  
Leticia Rodríguez Díaz

